

Balance do turismo en Galicia

Verán 2020



galicia

DEMANDA TURISTICA

Datos globais de demanda turística regrada en Galicia. Verán 2020

	T. Nacional	T. Internacional	TOTAL GALICIA
VIAXEIROS	812.308	81.234	893.543
NOITES	2.217.342	187.696	2.405.036
ESTADÍA MEDIA	2,73	2,31	2,69

DEMANDA TURISTICA


O balance da actividade turística en Galicia correspondente a este verán vén obviamente condicionado polo contexto actual de crise provocada pola Covid19. Coincide xustamente cos meses posteriores á finalización do estado de alarma e o período de desescalada, nos que o nivel de oferta dispoñible e de demanda se van recuperando lentamente pero fican aínda lonxe das cifras do pasado ano. Isto reflíctese nas grandes magnitudes de afluencia turística e de comportamento dos diferentes mercados.

Logo do período de peche e apertura paulatina dos establecementos de aloxamento durante os meses de desescalada, neste verán Galicia conseguiu poñer no mercado máis do 90% das prazas ofertadas no pasado ano, isto é, na parte da oferta rexístrase unha caída do 9,1% - dato relativamente positivo pois supón unha recuperación importante do lado do aloxamento regrado-.

Do lado da demanda obsérvase tamén un comportamento negativo da demanda turística nos establecementos regrados de Galicia –hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural-. Neste caso a cifra de viaxeiros aloxados descende un 41,0% e o volume de noites nun 38,9% en relación ao mesmo período de 2019. Esta notable caída deixa o nivel final de demanda en 2,4 millóns de noites, a cifra máis baixa da serie histórica.

A estadía media increméntase levemente neste período –nun 3,6% en particular-, para situarse en 2,7 noites.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Verán 2020/19



DEMANDA TURISTICA

Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. Verán 2020

NOITES	
ESPAÑA	52.768.312
Cataluña	11.392.739
Andalucía	9.230.845
C. Valenciana	6.549.433
Baleares	4.966.612
Canarias	4.306.676
Galicia	2.405.036
Asturias	2.246.266
Cantabria	2.151.188
Castela e León	2.092.105
Aragón	1.587.390
Madrid	1.341.311
País Vasco	1.235.469
Murcia	835.199
Castela A Mancha	817.464
Navarra	703.303
Extremadura	587.361
A Rioxa	295.134

Var. Int. NOITES	
ESPAÑA	-60,8%
Asturias	-8,6%
Cantabria	-12,3%
Navarra	-28,8%
Castela e León	-31,6%
Castela A Mancha	-31,9%
Extremadura	-32,3%
Aragón	-35,8%
Galicia	-38,9%
Murcia	-40,9%
País Vasco	-43,4%
A Rioxa	-43,6%
Andalucía	-53,6%
C. Valenciana	-54,9%
Cataluña	-61,4%
Madrid	-73,3%
Canarias	-76,6%
Baleares	-80,6%

DEMANDA TURÍSTICA


- O descenso da demanda turística en Galicia prodúcese nun contexto de dinámicas negativas no conxunto de España, con caídas xeneralizadas que afectan con diversa intensidade a todas as comunidades autónomas. A nivel estatal obsérvase un descenso global do 53,6% na cifra de viaxeiros aloxados e do 60,8% no volume de noites, porcentaxes importantes que falan dunha lenta recuperación.
- Todos os destinos presentan un comportamento negativo da demanda neste verán, con caídas de diversa intensidade. Os descensos máis suaves localízanse en comunidades do norte peninsular, concretamente en Asturias –cun 8,6%-, Cantabria –cun 12,3%– e Navarra –cun 28,8% neste caso–, porcentaxes que nun contexto normal serían importantes pero que neste momento preséntanse como as máis baixas do conxunto do Estado.
- Seguen en orde de importancia destinos do centro peninsular, concretamente Castela e León, Castela A Mancha e Estremadura, con caídas do contorno do 32%.
- No lado contrario os descensos máis notorios e acusados rexístranse en Madrid –que presenta unha caída do 73%– e nos destinos insulares de Canarias –cun 77%– e Baleares –cun 81% neste caso–.
- En termos de volume Cataluña, con preto de 11,4 millóns de noites, é o destino de maior peso no conxunto de España neste período estival –absorbe o 21,6% do total estatal–. Seguen en orde de importancia, por esta orde, Andalucía, a C. Valenciana, Baleares e Canarias. Estes cinco destinos representan case o 70% do total da demanda turística do Estado.
- Galicia ocupa o sexto lugar no ranking das CC.AA., xusto por detrás das cinco anteriores, representando o 4,6% do total de España neste verán de 2020 –porcentaxe que supera en máis dun punto a cifra do pasado ano–.

DEMANDA TURÍSTICA

O mal comportamento da demanda no verán é unha característica que se observa nos dous meses centrais do ano. O volume de noites descende un 42% en xullo e un 36% en agosto consecuencia en ambos casos de caídas parellas da cifra de viaxeiros aloxados –do 46% en xullo e do 37%- amortiguadas por leves melloras da estadía media.

O descenso global da demanda no verán supón a perda de 1,53 millóns de pernoctacións en comparación co mesmo período do pasado ano 2019. En xullo perdeuse o 47% -con 718 mil noites- e en agosto o 53% restante. O descenso en termos absolutos é, por tanto, maior en agosto –o mes de maior afluencia turística á nosa comunidade-.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Verán 2020/19, por meses




DEMANDA TURISTICA

O mal comportamento da cifra de viaxeiros aloxados rexistrado neste verán non ten precedentes na serie histórica se ben nos últimos tres anos víñase rexistrando unha dinámica algo irregular, con estabilidade en 2017, caída en 2018 e leve incremento no pasado 2019. A mediados de década si se observa un comportamento positivo regular que levaron a marcar o máximo histórico xustamente en 2016 con algo máis de 1,6 millóns no conxunto da comunidade.

Esta dinámica deixa a cifra final deste verán en preto de 894 mil viaxeiros aloxados, dato que obviamente marca un mínimo na serie histórica. En termos absolutos o descenso da demanda supón a perda de 621 mil viaxeiros en comparación co pasado ano.

Evolución viaxeiros aloxados nos establecementos regrados. Verán 2013-20




DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece algo semellante. O descenso deste verán non ten tampouco precedentes en termos de intensidade e rompe obviamente coa tendencia que se viña rexistrando nos últimos anos, con incrementos constantes desde o 2013 só puntualmente amortiguado pola caída rexistrada en 2018. Isto coloca o máximo da serie histórica no verán de 2017 con pouco máis de 4,0 millóns de pernoctacións.

A caída deste ano sitúa, en cambio, o nivel final en 2,4 millóns de noites no conxunto da oferta regrada, cifra que supón un mínimo na serie histórica.

En termos absolutos o descenso deste ano supón a perda de máis de 1,5 millóns de noites en relación ao período estival do pasado ano.

Evolución das noites nos establecementos regrados. Verán 2013-20




DEMANDA TURISTICA

No conxunto dos primeiros oito meses do ano obsérvase igualmente un comportamento negativo da demanda turística en Galicia provocado neste caso polos efectos negativos da crise do Covid19. Este período contempla todas as fases da pandemia, desde a declaración do estado de alarma e o período de confinamento ata as fases de desescalada e inicios da denominada “nova normalidade”.

No cómputo global do ano obsérvase unha caída da cifra de viaxeiros aloxados do 58% e do volume de noites do 54%, porcentaxes moi importantes que deixan o nivel final do acumulado anual en 3,56 millóns de noites –dato que tamén neste caso supón un mínimo da serie histórica-

Neste contexto negativo rexístrase unha mellora da estadía media global do 9,8% situándose en 2,4 noites no conxunto do aloxamento regrado.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. Acumulado a agosto 2020/19




DEMANDA TURÍSTICA

No curto prazo, o descenso da demanda no acumulado anual vén como consecuencia do comportamento negativo observado desde marzo, coa declaración do estado de alarma a mediados de mes que obrigou ao confinamento da poboación e ao peche dos establecementos de aloxamento neste caso. Por ese motivo, por exemplo, non hai datos do mes de abril e as caídas en maio e xuño –meses de desescalada– superan o 80% interanual.

Nesta tendencia pode apreciarse que os datos do verán, a pesar de ser negativos, fan de certa recuperación en relación ao que se viña observando nos meses de primavera.

Os inicios de ano foron positivos con melloras do nivel de demanda en xaneiro –do 10%– e febreiro –do 14% neste caso–.

Evolución da demanda turística nos establecementos regrados. 2020/19, por meses




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste verán o 92% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Ambos segmentos xeraron máis de 2,2 millóns de pernoctacións neste período estival.

O turismo internacional supón, en cambio, o 8% do total da demanda regrada neste mes con 188 mil pernoctacións neste caso.

Esta distribución da demanda rompe un pouco coa tendencia dos últimos anos, reforzándose o peso do mercado nacional –que habitualmente se colocaba por encima do 80% e agora pasa ao 92%- e diminuindo en paralelo o peso do turismo internacional –que fica por debaixo do 10% do total da demanda-.

Peso dos principais mercados nos establecementos regrados. Verán 2020




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste verán un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado no sentido de que ambos presentan caídas da demanda en relación ao pasado ano se ben con diferenzas de intensidade.

O turismo nacional descende nun 31% como consecuencia esencialmente dunha caída parella da cifra de viaxeiros aloxados, do 29% neste caso –nun contexto de estabilidade da estadia media–.

O mercado internacional presenta tamén unha dinámica negativa pero de maior intensidade, con caídas do 78% na cifra de viaxeiros aloxados e do 74% no volume de noites –nun contexto no que mellora a estadia media nun 16%–.

Evolución dos principais mercados nos aloxamentos regrados. Verán 2020/19




MERCADOS TURÍSTICOS

O descenso do turismo nacional neste verán contrasta co incremento rexistrado no pasado ano –do 4,5%– que viña á súa vez precedido pola caída rexistrada en 2018 –do 6,3%–. Esta dinámica irregular rompe coa tendencia de crecementos consecutivos que se viñan rexistrando desde 2013 ata 2017, dinámica que levou a acadar niveis máximos nese ano con preto de 3,3 millóns de noites.

A caída deste verán coloca o nivel final en algo máis de 2,2 millóns de noites- a cifra máis baixa de cando menos os últimos vinte anos-. En termos absolutos este descenso supón a perda de case un millón de noites en relación ao verán de 2019.

Evolución do mercado nacional nos aloxamentos regrados. Noites verán 2013-20




MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado internacional a evolución é parella se ben a caída deste ano non ten precedentes na serie histórica pola súa intensidade e tamén polos motivos que a causaron.

Nos últimos anos a tendencia xeral era de crecemento, a taxas variables, só puntualmente condicionada pola caída rexistrada en 2018 –do 7,4%-. Esta dinámica levou a acadar un máximo histórico de demanda internacional no verán de 2017 con máis de 762 mil noites.

O descenso deste ano sitúa o volume final en case 188 mil noites –no verán do pasado ano o mercado internacional en Galicia superaba as 730 mil noites-.

Evolución do mercado internacional nos aloxamentos regrados. Noites verán 2013-20




MERCADOS TURÍSTICOS

A diferenza de intensidade no descenso dos niveis de demanda dos dous grandes segmentos de mercado provoca que neste verán varíe o peso dos mesmos dentro da estrutura global. Así, o mercado nacional absorbe o 92,2% do total das noites no aloxamento regrado – consolidando a súa notable presenza en Galicia durante o período estival- mentres que o 7,8% restante queda para o internacional.

Esta distribución cambia respecto do que se viña observando nos últimos anos, cunha estrutura bastante estable que deixaba entorno ao 81% da demanda para o mercado nacional e o 19% para o internacional.

O peor comportamento en termos relativos do segmento internacional, que rexistra unha forte caída no volume de noites, leva a que perda peso e representatividade no panorama turístico galego neste período estival –e en consecuencia no conxunto do ano-.

Evolución PESO dos diferentes segmentos de mercado na demanda regrada. Verán 2013-20




MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro –que representa o 63% do total da demanda regrada- é posible realizar unha análise máis segmentada por mercados. En particular, obsérvase que o 26% do total da demanda turística corresponde ao mercado interno, isto é, á demanda xerada polos residentes en Galicia –con máis de 394 mil noites no verán-. O 65% provén das restantes comunidades autónomas –representa por tanto ao mercado receptor nacional, con preto de 991 mil noites- e tan só o 9% ao turismo internacional –con 138 mil neste caso-.

Consólidase e mesmo refórzase o peso do mercado nacional en Galicia no período estival, tanto do interno coma do que procede do conxunto do Estado –segmentos que ademais incrementan a súa representatividade en sete e catro puntos respectivamente-. O mercado internacional perde cae once puntos de peso marcando un mínimo na serie histórica.

Peso dos principais mercados nos establecementos hoteleiros. Verán 2020



MERCADOS TURÍSTICOS


Na liña do comentado para o conxunto da oferta regrada obsérvase tamén neste período un comportamento negativo dos tres grandes segmentos de mercado no ámbito hoteleiro, con diferenzas de intensidade.

O mellor comportamento en termos relativos fica da man do turismo interno que rexistra neste verán unha caída da demanda do 26% no segmento hoteleiro. O mercado receptor nacional descende un 42% mentres que o internacional cae nun 75%.

Con esta dinámica todos os segmentos acadan valores mínimos de demanda dentro da serie histórica, circunstancia especialmente relevante no caso do turismo receptor –que deixa de xerar máis de 1,1 millóns de noites en relación ao pasado ano-.

En todos os segmentos a caída da demanda provén de descensos parellos da cifra de viaxeiros aloxados.


Evolución principais mercados nos aloxamentos hoteleiros. Verán 2020/19



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑÓIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística no segmento hoteleiro, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste verán o 25,9% do total das pernoctacións da comunidade –cifra superior á do pasado ano cando apenas chegaba ao 20% do total-.
- Dentro do ámbito nacional Madrid é o principal mercado emisor a nivel estatal. Con preto de 359 mil noites representa o 23,5% do total da demanda turística hoteleira. Ten un peso moi parello ao do mercado interno.
- Seguen en orde de importancia Castela e León –co 8,5%-, o País Vasco -co 5,5%- e Cataluña –co 5,2% do total da demanda hoteleira neste caso-. Logo de Madrid, por tanto, os mercados máis importantes son, por unha banda, algúns dos de maior poboación –Cataluña- e, por outra banda, aqueles de proximidade -Castela e León, e con certa distancia o País Vasco-.
- Andalucía e Asturias sitúanse a continuación cunha cuota global do 4,7% o primeiro e do 4,6% este último.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Neste verán rexístranse preto de 43 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 2,8% do total da comunidade e o 31% do total internacional.
- A nivel internacional destacan tamén como principais mercados Alemaña, Francia, Italia e Reino Unido con pesos en todo caso inferiores ao 1% do total cada un deles –cifra que fala da súa escasa representatividade neste verán-.
- No ranking dos principais países emisores non aparece EE.UU. nin ningún outro de fóra de Europa. Esta crise afectou notablemente ao turismo internacional en xeral pero de maneira aínda máis profunda aos mercados máis distantes, non europeos.
- De feito logo dos cinco mercados mencionados anteriormente sitúanse outros tamén do ámbito europeo como Países Baixos, Suíza e Bélxica.


MERCADOS TURÍSTICOS

O mal comportamento do mercado receptor nacional vén como consecuencia dos descensos rexistrados en todos os mercados emisores, con diversa intensidade.

En termos relativos son os mercados de maior peso neste verán –Madrid, Castela e León e País Vasco- os que presentan os descensos de menor intensidade –do 30% o mercado madrileño e do 35% os dous restantes-. Son caídas mesmo inferiores ás rexistradas polo mercado interno.

Cataluña, Asturias e a C. Valenciana amosan caídas do contorno do 45% interanual –perdendo por tanto case a metade do volume de demanda xerado no verán de 2019-. O descenso máis destacado corresponde ao mercado andaluz –de maior distancia con Galicia- que presenta unha caída do 63% neste caso.

Evolución dos principais mercados nacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites verán 2020/19




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase un comportamento homoxéneo no sentido de que todos os mercados presentan notables caídas dos seus niveis de demanda en relación ao pasado verán, con taxas que superan sempre o 65% interanual.

Neste contexto negativo é xustamente Portugal, o mercado de maior proximidade, o que presenta o descenso menos notorio cun 66%. Os restantes mercados rexistran caídas superiores ao 70% -caso de Alemaña, Francia ou Países Baixos- e mesmo superiores ao 80% interanual – caso de Italia, Reino Unido ou Suíza-.

Máis alá do detalle das porcentaxes a conclusión xeral é de fortes caídas dos mercados internacionais neste verán.

Evolución dos principais mercados internacionais nos aloxamentos hoteleiros . Noites verán 2020/19



ANÁLISE TERRITORIAL


En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade.

Neste verán as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 81% do total da demanda cun reparto algo dispar –Pontevedra xera maior volume de pernoctacións con máis de 881 mil neste período, o 47% do total-. En A Coruña o nivel fica en preto de 625 mil, o 34% neste caso.

O 19% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma algo dispar entre Lugo –que absorbe o 12% do total da demanda- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 7% neste caso-.

No verán, e como característica propia da temporada alta –pois así acontece sempre nos últimos anos-, Pontevedra sitúase como a provincia de maior volume e peso no conxunto da comunidade. Tal circunstancia acontece ademais en xullo e agosto en contraposición ao observado nos primeiros seis meses do ano –período no que A Coruña absorbe maior volume e peso-.

Demanda turística REGRADA por provincias. Verán 2020




ANÁLISE TERRITORIAL

O comportamento negativo da demanda a nivel da comunidade autónoma é unha característica que se observa, con diversa intensidade, no conxunto das catro provincias galegas. Neste sentido descende o volume de noites en todas as provincias, con maior intensidade naquelas localizadas no norte da comunidade –A Coruña e Lugo, que presentan unha caída do 46% e 47% respectivamente- e algo menos en Pontevedra –cun 39%- e sobre todo Ourense –cun 33% neste caso-.

Ourense é, por tanto, a provincia que presenta mellor comportamento en termos relativos perdendo un terzo do volume de noites do pasado verán. Con todo só consegue mellorar nun punto o seu peso no reparto total da comunidade.

En todas as provincias o descenso da demanda provén dunha caída parella da cifra de viaxeiros aloxados, reforzada ou amortiguada puntualmente nalgún caso por variacións da estadía media.

Variación da demanda turística REGRADA por provincias. Verán 2020/19




ANÁLISE TERRITORIAL

Un terzo do total da demanda hoteleira de Galicia deste verán corresponde aos destinos urbanos da comunidade. Esta porcentaxe, aínda que importante, é inferior á rexistrada noutros momentos do ano nos que o turismo urbano supera o 50% -ou mesmo o 60%- do total das noites hoteleiras, e tamén inferior á que se rexistraba no mesmo período do pasado ano. Neste sentido confírmase que neste verán adquiren maior peso relativo os destinos de litoral e de interior fóra das áreas urbanas. Sirva de exemplo municipios como Sanxenxo que lidera neste verán o ranking a nivel municipal rexistrando 250 mil noites hoteleiras –o dobre de Vigo, por exemplo-.

A cidade de Compostela lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Neste período rexistra preto de 144 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 9,4% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de Vigo –con 124 mil noites- e A Coruña –con 113 mil neste período estival-.

As restantes catro cidades distan en volume e peso das tres anteriores, destacando en todo caso Pontevedra –que se sitúa por encima das 42 mil noites-.

Demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2020




ANÁLISE TERRITORIAL

En liña co comportamento do sector a nivel global, obsérvase neste verán un descenso xeneralizado da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia.

Destacan en intensidade as caídas rexistradas nas cidades de A Coruña, Santiago e Lugo –vinculadas en maior ou menor medida ao Camiño de Santiago-, con taxas que superan o 55% interanual. Significa isto que neste verán conseguiron recuperar menos da metade do volume de noites rexistrado no pasado ano. Os descensos sitúanse no contorno do 45% en Ourense e Vigo, no 35% e Pontevedra e no 28% en Ferrol –destino que presenta o mellor comportamento en termos relativos-.

En termos globais o conxunto dos destinos urbanos de Galicia rexistra neste verán unha caída do 52% no volume de noites hoteleiras en relación ao mesmo período do pasado ano.

Variación da demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. Verán 2020/19



DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS


O 63,3% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 52,1%- como ás pensións –co 11,2% neste caso-.

O 36,7% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 8,7% da demanda total-, aos cámpings –co 23,0%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 5,0% neste caso-.

Esta distribución da demanda é moi propia e característica dun período de temporada alta, cun peso importante dos hoteis –aínda que inferior ao que se rexistra noutros momentos do ano- e notable presenza dos cámpings –modalidade que xorde basicamente no verán pois en temporada baixa apenas representa o 1% do total-.

En termos comparativos neste ano obsérvase un incremento do peso do segmento extrahoteleiro, singularmente dos apartamentos turísticos e dos cámpings.

Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites verán 2020



DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS


En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste verán un comportamento negativo xeneralizado, con caídas da demanda en todas as modalidades consideradas.

Neste contexto destaca en intensidade o descenso rexistrado no segmento hoteleiro, en porcentaxe case equivalente para os hoteis e as pensións –rexistran unha caída do contorno do 45% interanual-.

Nas restantes modalidades o descenso é de menor intensidade pero tamén importante. Sitúase no 34% nos establecementos de turismo rural, no 25% nos cámpings e no 12% nos apartamentos turísticos –modalidade esta última que conseguiu sortear con máis éxito as consecuencias negativas da crise-.

En termos absolutos a caída da demanda concéntrase tamén en maior medida do ámbito hoteleiro. Rexistra unha perda superior aos 1,25 millóns de noites, o 82% do descenso total no conxunto da oferta regrada.

Evolución da demanda turística regrada por tipoloxías. Noites verán 2020/19



DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS


Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase igualmente un comportamento homoxéneo e negativo, con descensos importantes en todas as categorías que superan, no mellor dos casos, o 30% interanual.

As caídas máis notorias rexístranse nas pensións de tres e dúas estrelas –cun 52% menos que no verán do pasado ano- mentres que no lado contrario o descenso menos acusado concéntrase nas pensións dunha estrela, cun 34% neste caso.

No lado dos hotéis os descensos son máis homoxéneos, e van do 40% naqueles dunha estrela ao 48% nos de dúas e tres estrelas.

En termos absolutos a caída máis notoria localízase no segmento de maior peso, os hotéis de catro e cinco estrelas, que rexistran unha perda de 364 mil noites en relación ao mesmo período do pasado ano.

Evolución da demanda turística hoteleira por categorías. Noites verán 2020/19




DEMANDA TURISTICA – EST. HOTELEIROS

Fixando a atención no segmento hoteleiro obsérvase que o descenso deste verán –do 45,2%– non ten precedentes na serie histórica e contrasta ademais coa tendencia positiva que se viña rexistrando nos últimos anos, con crecementsos practicamente consecutivos desde 2012 ata 2019 –coa única excepción da caída rexistrada en 2018–.

Esta caída sitúa o nivel final en algo máis de 1,52 millóns de noites –dato que supón un mínimo na serie histórica–. Nunca antes o nivel de demanda hoteleira en Galicia correspondente ao verán baixara de 2,0 millóns de noites.

Tal como se comentou anteriormente, en termos absolutos este descenso supón a perda de case 1,26 millóns de noites en comparación co mesmo período do pasado ano.

Evolución da demanda turística nos ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS. Noites verán 2012-20




DEMANDA TURÍSTICA – APTOS. TURÍSTICOS

No ámbito dos apartamentos turísticos o descenso deste verán é menos acusado en termos comparativos -do 12,4%- e, aínda que rompe tamén coa tendencia positiva de anos anteriores, o nivel final non dista tanto do que se viña rexistrando nesta década. É máis, a cifra final de máis de 208 mil noites sitúase como a máis baixa desde o 2017 pero por encima de toda a serie anterior.

Os apartamentos turísticos resistiron mellor que o resto de modalidades de aloxamento as consecuencias negativas da crise e conseguiron cubrir en boa medida a maior demanda de tipoloxías de aloxamento localizadas en contornos illados, de baixa concentración, e con menor necesidade de uso de servizos colectivos como a restauración, por exemplo.

A perda en termos absolutos fica por debaixo das 30 mil pernoctacións en comparación co rexistrado no verán de 2019.

Evolución da demanda turística nos APARTAMENTOS TURÍSTICOS. Noites verán 2013-20




DEMANDA TURISTICA – CAMPINGS

A dinámica da demanda turística nos cámpings aseméllase ao resto das tipoloxías. O descenso deste verán non ten precedentes nin en termos de intensidade –supón un 25% menos que o ano pasado- nin en termos de volume –pois deixa o nivel final por encima das 554 mil noites, a cifra máis baixa da serie histórica-.

Logo do notable incremento rexistrado en 2016 –do 20%- o nivel de demanda nos cámpings durante os últimos veráns mantíñase relativamente estable por encima das 730 mil noites. O descenso deste ano supón a perda de 184 mil noites neste sector.

Evolución da demanda turística nos CAMPINGS. Noites verán 2013-20




DEMANDA TURISTICA – TURISMO RURAL

No ámbito do turismo rural o descenso rexistrado neste verán, do 34%, contrasta igualmente coa dinámica positiva de anos anteriores, moi notable de 2013 a 2016 e algo máis irregular no período máis recente. A caída non ten precedentes en termos de intensidade e deixa o nivel final de 119 mil noites no máis baixo dos últimos sete anos.

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que o segmento de turismo rural sofre en grande medida as consecuencias das crises e rexistra caídas importantes en 2011-12 e agora en 2020.

A perda en termos absolutos supera levemente as 60 mil noites.

Evolución da demanda turística nos ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL. Noites verán 2013-20




Neste contexto negativo, de caídas xeneralizadas da demanda, a estadía media nos establecementos regrados de Galicia rexistra un comportamento positivo, superando nun 3,6% a cifra do verán pasado.

Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase que a estadía media vén crescendo de forma consecutiva nos últimos cinco anos, a taxas máis ou menos constantes agás en 2019. Tal circunstancia permite pasar de pouco máis de 2,3 noites de media no verán de 2015 a 2,7 noites agora en 2020. Son catro décimas de diferenza que sitúan a cifra deste ano na máis alta da década.

Os apartamentos turísticos son a modalidade que rexistra o valor máis alto con 4,4 noites. Nos cámpings a cifra fica en 3,8 noites, sendo estas dúas as tipoloxías cos valores máis elevados.

Nas restantes modalidades o nivel sitúase por debaixo das tres noites –concretamente en 2,8 noites nos establecementos de turismo rural, en 2,4 noites nos hotéis e en dúas noites nas pensións-.

Estadía media nos establecementos regrados. Verán 2013-20




O comportamento da demanda tradúcese en todas as tipoloxías consideradas nunha evolución parella dos niveis de ocupación en relación ao verán do pasado ano 2019, de diversa intensidade.

Neste sentido, obsérvase un empeoramento xeneralizado da ocupación en todas as tipoloxías sendo máis acusado nos hoteis –de 25 puntos porcentuais- e menos notorio nos cámpings –modalidade que perde neste caso seis puntos-.

O descenso é, por tanto, de diversa intensidade e vén provocado por caídas xeneralizadas da demanda nun contexto no que tamén cae a oferta dispoñible en todas as modalidades, con diversa intensidade, agás no caso dos apartamentos turísticos –que conseguen colocar no mercado un 9,9% máis de prazas que no verán do pasado ano-.

Precisamente son os apartamentos turísticos a modalidade que rexistra neste verán, e por vez primeira na serie histórica, a cifra de ocupación máis elevada do conxunto da oferta regrada cun 43,3% de media –preto están os hoteis cun 41,5%- . A porcentaxe máis baixa fica nas pensións, cun 28,4% neste caso.

% Ocupación nos establecementos regrados. Verán 2020/19




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia mantéñense estables neste verán –en sentido estrito descenden nun 0,2%- situándose en 67,9 euros de media. Estabilízanse as tarifas logo de rexistrar incrementos consecutivos nos últimos seis anos, a taxas variables, que levaron a colocar a cifra final nos 68 euros. Este dato, lonxe de ser negativo, amósase moi positivo pois acontece nun contexto de caídas xeneralizadas da demanda e de lenta recuperación da actividade turística logo do período de confinamento e desescalada.

O descenso dos niveis de demanda e ocupación –en termos de ocupación por habitacións a caída é do 35,9%- prodúcese, por tanto, nun contexto de estabilidade dos prezos hoteleiros. Tal circunstancia leva a un empeoramento dos niveis de rendibilidade –o RevPAR hoteleiro cae un 35,2% para situarse en 27,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-.

Este descenso non ten precedentes na serie histórica en termos de intensidade e sitúa o nivel de rendibilidade no máis baixo dos últimos oito anos –equivalente ao ingreso medio rexistrado no verán de 2012-.

Variación da ocupación, ADR e RevPAR no sector hoteleiro. Verán 2020




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

Tal como se pode observar na gráfica a caída do RevPAR hoteleiro deste verán vén provocada en esencia por un descenso dos niveis de demanda e ocupación, nun contexto no que as tarifas se manteñen estables.

A dinámica dos últimos anos rómpese totalmente no caso da ocupación e rendibilidade mais estabilízase no caso dos prezos hoteleiros. O sector conseguiu neste verán, a pesar do contexto e das expectativas negativas, manter as tarifas medias do pasado ano –evitando por tanto unha forte caída propia deste momento-.

As tarifas medias de Galicia sitúanse nunha posición intermedia no conxunto do Estado. Neste contexto o comportamento da nosa comunidade aseméllase á doutros destinos do interior peninsular –con estabilidade dos prezos- pero dista das melloras rexistradas por exemplo en Asturias, Aragón ou Cantabria –que conseguiron incrementar as tarifas respecto do verán pasado-.

Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. Verán 2012-20




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando o comportamento dos niveis de ocupación nun contexto de estabilidade das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste verán máis de 54,6 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que descende nun 44% en relación ao dato do mesmo período do pasado ano. Son máis de 43 millóns de euros de perda respecto do rexistrado no período estival de 2019.

A dinámica rexistrada por esta variable nos últimos anos segue o mesmo patrón que a demanda e o nivel de ocupación. Descende fortemente neste verán como consecuencia da situación excepcional provocada pola Covid19 nun contexto de crise e regreso a unha “nova normalidade” logo dos meses de confinamento total e desescalada. Este forte descenso contrasta coa dinámica positiva dos últimos anos, con incrementos de diversa intensidade –agás en 2018– que levaron a acadar un máximo da serie histórica xustamente no verán do pasado ano con 98 millóns de euros.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. Verán 2013-20



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste verán visitaron Galicia preto de 183 mil turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que segundo o INE experimentou un descenso do 62% en relación ao 2019. Corrobórase tamén por este lado o comportamento negativo do mercado internacional en Galicia neste verán.

O 74% visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados –un 18% fíxoos por motivos persoais mentres que un 4% visitou Galicia por negocios-. Todos os segmentos experimentan caídas importantes agás o de viaxes por “motivos persoais/familiares” que curiosamente soben nun 12% en comparación coas cifras do verán pasado.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 94%-, estímase en 459 mil persoas durante o período estival –un 33% menos que no pasado ano 2019-.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR verán 2020

	Verán 2020	Var. 2020/19	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	182.831	-61,8%	100,0%
Vacacións / Ocio	136.108	-66,5%	74,4%
Negocios	6.528	-69,9%	3,6%
Persoal (Saúde, Familia,...)	32.779	11,9%	17,9%
Resto motivos	7.416	-64,9%	4,1%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	458.853	-32,7%	-

TURISMO INTERNACIONAL - EGATUR

En termos de gasto, utilizando a operación FRONTUR/EGATUR para o turismo internacional, obsérvase neste verán un comportamento parello ao observado do lado da demanda.

O gasto medio diario do turista internacional en Galicia descende nun 28,9% en relación ao pasado ano situándose en 70,5 euros por persoa e día –con 29 euros menos que no verán pasado cando a cifra se achegaba aos 100 euros por persoa e día-.

O gasto total efectuado polos turistas estranxeiros –cifra que combina a evolución do gasto medio diario e número de noites- rexistra unha caída do 74% acadando algo máis de 112 millóns de euros. A caída do gasto total é moi superior á do gasto medio diario pois recolle tamén o descenso da demanda –o volume de pernoctacións cae nun 64%-.

Gasto total e gasto medio diario do turismo internacional. Verán 2020

	Verán 20	Var. Int. 20/19
Gasto Total	112.231.743 €	-74,3 %
Gasto medio diario	70,5 €	-28,9%


CAMIÑO DE SANTIAGO

O Camiño de Santiago é un dos ámbitos nos que percibiron con maior intensidade os efectos negativos desta crise. En particular, tomando como referencia o número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste verán un descenso global do 74,5% en relación ao mesmo período de 2019 acadando unha cifra total próxima ás 30 mil –no verán do pasado ano rexistráranse algo máis de 116 mil–.

Esta caída non ten precedentes na serie histórica e contrasta ademais coa tendencia de crecementos consecutivos que se viñan rexistrando desde o 2012 –só en 2016 se rexistra certa estabilidade– acadando con isto un máximo histórico en 2019.

Como é propio da temporada alta, o volume de peregrinos españois supera ao dos estranxeiros. O volume dos primeiros sitúase en 23 mil mentres que a cifra de peregrinos estranxeiros fica en algo máis de seis mil.

Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas, verán 2011-20




CAMIÑO DE SANTIAGO

Tal como se viu anteriormente obsérvase neste verán un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos segundo a procedencia, con descensos de notable intensidade. O volume de peregrinos españois cae nun 66% e a cifra de peregrinos estranxeiros nun 86%, porcentaxes moi importantes que mesmo superan os descensos observados no conxunto do aloxamento regrado.

En ambos casos acádase neste ano 2020 mínimos da serie histórica no período estival, con preto de 30 mil peregrinos españois e pouco máis de 6.500 peregrinos estranxeiros. Tal circunstancia contrasta coa serie de crecementos consecutivos nos últimos anos –case seis no caso dos españois, pois rexistraron unha caída puntual en 2016, e oito no caso dos estranxeiros-.

A diferenza de intensidade na caída do volume de peregrinos leva a que neste verán se incremente o peso do segmento dos españois ata o 78% do total –vinte puntos por encima da porcentaxe do pasado ano- mentres que o peso dos estranxeiros fica no 22%.

Evolución peregrinos, por procedencia. Verán 2020/19




CAMIÑO DE SANTIAGO

Por rutas destaca novamente o Camiño Francés –co 53,3% do total rexistra preto de 16 mil compostelas-. Seguen en orde de importancia o Camiño Portugués –co 17,1%-, o Camiño do Norte –co 8,1%-, o Primitivo –co 7,0%-, e o camiño Inglés –co do 5,7% do total neste caso-.

En termos dinámicos obsérvase un comportamento homoxéneo con caídas xeneralizadas en todas as rutas a Compostela. Os descensos superan o 70% interanual na práctica maioría delas –a Vía da Prata é a que presenta a caída máis notoria cun 81%-, quedando o descenso menos acusado na ruta de menor volume e peso –o camiño do Inverno-, cun 37% menos neste caso.

Neste contexto negativo obsérvase un leve incremento do peso dos camiños máis tradicionais coma o Primitivo ou o Francés e, pola contra, unha perda de representatividade do camiño Portugués.

Evolución do volume de peregrinos, por rutas. Verán 2020/19



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE, obsérvase igualmente neste verán un descenso da cifra de viaxeiros aloxados -do 63%- así como do volume de noites -do 60% neste caso-.

A caída deste ano acentúa dalgunha maneira o comportamento negativo que se viña observando nos últimos catro anos, con descensos moderados no verán de 2016 e 2017 e máis acusado en 2018 -xusto no pasado ano se rexistrara unha pequena suba puntual do 3,7%-.

Obsérvase tamén neste caso un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado: descende neste sentido a cifra de viaxeiros españois aloxados no camiño -un 48%- así como o volume de viaxeiros estranxeiros -nun 89% neste caso-.

Neste período son os españois maioría dentro dos establecementos hoteleiros do Camiño Francés -representan o 89% do total-.

A caída da demanda prodúcese nun contexto de descenso parello da oferta dispoñible -o volume de prazas ofertadas cae nun 15%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -pasa do 50,9% do pasado ano ao 23,8% actual-.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. Verán 2020

	Verán 2020	Var. Int. 20/19
VIAXEIROS ALOXADOS	29.980	-62,6%
Españois	26.677	-47,8%
Estranxeiros	3.303	-88,6%
NOITES	34.525	-60,2%
ESTADÍA MEDIA	1,15	6,4%
OCUPACIÓN (%)	23,83%	-27,11

TRÁFICO AEROPORTUARIO

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia descende igualmente neste verán, nun 66% en concreto, rexistrando preto de 358 mil no conxunto da comunidade.

O descenso global da cifra de pasaxeiros vén como consecuencia das caídas rexistradas nos tres aeroportos da comunidade. Así, o tráfico aeroportuario cae un 73% en A Coruña, un 71% en Vigo e un 61% en Santiago.

En termos absolutos o descenso global supera levemente os 686 mil pasaxeiros, con diferenzas entre aeroportos. Pérdense case 183 mil pasaxeiros en Alvedro, preto de 364 mil en Lavacolla e case 140 mil en Peinador.

Lavacolla é unha vez máis o aeroporto de maior volume e peso no conxunto de Galicia –absorbe neste verán o 65% do total do tráfico aéreo da comunidade con case 234 mil pasaxeiros-. O mellor comportamento en termos relativos de Santiago leva a gañar cuota de mercado neste verán, superando en oito puntos o seu peso respecto do verán pasado. Neste sentido, aínda que a conxuntura negativa é global, semella que esta crise afecta en maior medida aos aeroportos de menor volume, A Coruña e Vigo neste caso.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2020


AEROPORTO	Verán 20	Verán 19	Var. Int. 20/19
A CORUÑA	67.389	250.213	-73,1%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	233.816	597.499	-60,9%
VIGO	56.602	196.372	-71,2%
GALICIA	357.807	1.044.084	-65,7%

TRÁFICO AEROPORTUARIO

O descenso deste ano obviamente non te precedentes en toda a serie histórica pois nunca antes se deran as circunstancias que o motivaron. Ademais diso esta caída rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos nos últimos seis anos que levaron a acadar un máximo na serie con algo máis dun millón de pasaxeiros no verán pasado.

Tal circunstancia repítese en A Coruña e Santiago pero non en Vigo, que xa rexistrara un descenso no verán pasado do 18%. En Peinador o máximo da serie histórica corresponde ao verán de 2018 con máis de 239 mil pasaxeiros.

Tráfico aeroportuario en Galicia. Verán 2013-20



EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO


En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe- obsérvase, en paralelo ao resto de indicadores, un descenso das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Caen en concreto un 12,7% situándose a cifra media do verán en preto de 80 mil no conxunto da comunidade. En termos porcentuais a caída é menor ao observado noutros indicadores de demanda, ocupación e afluencia turística.

Descende o número de afiliacións logo de seis anos consecutivos de incremento acadando neste verán a cifra máis baixa desde o 2015 e practicamente equivalente á rexistrada no verán de 2014.

A nivel desagregado obsérvase que o descenso das afiliacións prodúcese en todas as ramas consideradas. Caen nun 20,4% nos servizos de aloxamento, nun 11,2% nos servizos de restauración e nun 13,9% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares.

Son xustamente os servizos de restauración o segmento que acolle e rexistra maior volume de afiliacións dentro do sector –neste verán absorbe o 83,9% do total-.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Verán 2013-20




EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

No ámbito hoteleiro existe un indicador propio medido a partir da EOH que amosa a evolución do número medio de empregados nos hotéis e pensións de Galicia durante este verán. Tal como se aprecia no gráfico de apoio neste ano rexístrase unha caída do 26,5% no número de traballadores do sector quedando a cifra final en case sete mil –a máis baixa da serie histórica–.

O comportamento desta variable vai parello ao dos restantes indicadores mais apréciase deste lado un descenso menos acusado en termos relativos, cando menos en comparación coas variables de demanda e ocupación.

Aínda que non se mide o mesmo exactamente, esta caída vai na liña do observado no lado das afiliacións correspondentes ao ámbito do aloxamento, que rexistran un descenso do 20,4%. Semella que o emprego no segmento hoteleiro tivo peor comportamento que o correspondente a outras tipoloxías de aloxamento.

Empregados no sector hoteleiro. Verán 2012-20



Balance do turismo en Galicia

Verán 2020



galicia